Galicia Encantada



Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

nº 21 (2025) SOLLA, Calros: Máxica ritualidade nos lances da consumación do matrimonio, o parto e a crianza en Cerdedo: A espera, o pano de pureza, a cochada, a solta e o bode

© Calros Solla

A espera

O esquecido preceuto da "espera" prescribía que os recén casados non consumasen o matrimonio até tres días despois de contraído o sacramento. Bouza Brey, no seu artigo "Las noches de Tobías en las costumbres matrimoniales de Galicia" (1969), contextualiza o asunto: *Es conocida entre los etnógrafos la continencia conyugal durante un período*



subsiquiente al matrimonio con el nombre de 'Noches de Tobías' ... El nombre 'Noches de Tobías' o también 'Las Tres Noches de Tobías' toma su fundamento en la tradición bíblica, la cual, en la historia del matrimonio del joven Tobías con su prima Sara, relata como Rafael arcángel, al ordenarle que la obtenga en nupcias y ser objetado por el mancebo de que habían sido muertos por el demonio siete maridos anteriores, le dice que, para evitar esta desdicha, entre con la esposa en continencia y no haga sino rogar a Dios en unión de ella, durante tres días, al cabo de los cuales no solo habrá huído el espíritu infernal, sino que Tobías será admitido en el seno de los santos Patriarcas y recibirá la bendición del Señor a fin de que tenga hijos vigorosos.

Durante o período da "espera", os noivos debían durmir separados (en cadansúa cama, na casa familiar de cadaquén...), podendo compartir leito cunha persoa de confianza (parente, padriño/madriña) e do seu mesmo sexo. Intúese que a figura do acompañante debeu ter en orixe unha función testemuñal. Transcorrido este lapso, xa nada impedía que os contraentes realizasen a unión carnal. A espera arrefecía o rauto concupiscente, orientando o acto sexual non cara á satisfacción da paixón sensual, senón cara á procreación; mais, conforme se di: quen espera, desespera.

No lugar de Fondós (Quireza), aínda puiden recoller nos anos 90 lembranza deste costume, que me deron por antigo, desusado, excéntrico e minoritario.

Así e todo, tamén oín que, nalgún caso excepcional, cando o proceso de noivado esgotara todas as súas fases (baile, acompañamento, parladoiro de cancela, parladoiro de porta e parladoiro de cociña) e mesmo antes de botadas as monicións, as familias dos noivos permitían que estes durmisen xuntos, sempre e cando garantisen recato e castidade.

Xa que garda relación, non obviarei amentar outra usanza cerdedesa tan esquecida coma chamativa: os

fumazos. Os espécimes vexetais (romeu, sarxa, espadana, fiúncho, flor de sabugueiro...) empregados na elaboración das alfombras do Corpus, sobre as que procesionaba en Cerdedo a figura de Xesús sacramentado, recollíanse unha vez finalizada a solemnidade. Na casa, púñanse a secar, reservando a follaxe para cando fose oportuna a súa utilización no ritual dos fumazos. En Meilide (Cerdedo), tiñan especial predicamento os lirios malva que se daban na veiga das Latizadas.

Cando se cría necesario, botábanse unhas brasas nun potiño e, deseguido, unha presada das devanditas herbas bieitas. O pote fumegante –xa como remedio, xa por precaución–, era colocado baixo o fociño dos animais enfermos (vacas, porcos...) ou dos recén chegados (acabados de nacer, adquiridos na feira...). A maiores, en relación cos ritos nupciais, impregnábase do recendo salutífero e esconxurador dos fumazos o cuarto onde os noivos xacerían a noite de vodas.

A función profiláctica do fume proveniente da combustión de vexetais de poder mudaba ao longo do ano: Na Noiteboa queimábase na lareira un toro de carballo, o chamado Cepo, Tallo ou Tizón de Nadal. Retirábase do lume antes da súa total consumición. De Aninovo a Pascua, o tizón devolvíase ao lume para protexer a casa de calquera continxencia (mormente, o raio e o vendaval). As pólas de loureiro e oliveira bendicidos o Domingo de Ramos, asumían o relevo nas funcións protectoras do fogar. A festividade do Corpus achegaba o quiñón das herbas bieitas.

O pano de pureza



O pano de pureza era unha tea cuadrangular branca de lenzo cun furado ou laña festonados, abertos no centro da peza.

Os panos de pureza facían servizo naqueles tálamos erixidos en redutos de castidade.

Panos hóuboos de medidas e requintes diversos –dependendo das posibilidades de cadaquén–, pois, confeccionábanse no prezado xénero do “lavanisco” (alemanisco; tea adamascada), empregado como

prodixiosa envoltura noutros tantos transos de taumaturxia doméstica.

No leito, entre os cónxuxes, o pano de pureza sublimaba o pudor, interpóndose entre os corpos durante os accesos carnais con fins procreativos –era supostamente impensábel calquera outra motivación (en Solla, C.: *Soidades do alfabeto. Criptoetnografía*, Morgante, 2024, páxs. 127-8).

A cochada

Faláronme en Carballás (Cerdedo) do antigo costume da covada. A informante referiuse a el como "facer a cochada" ou quizais, "facer a acochada". Velaquí a transcrición do seu testemuño:

Antes paríase na casa; as mulleres pariamos na casa, e eran as parteiras as que te atendían. Eu parín sempre na casa, e tamén fun parteira; unhas polas outras. As vellas dicían que, antighamente, era bo que, cando a muller se poñía de parto, o seu home se deitara ao lado dela e a arremedara en todo. O home debía berrar e retorcerse, como se estivera el parindo; disque era pra enghanar o demo ou calquera outra cousa, é que fose pra el e que non lle entrara á muller; pois é certo que neses momentos tanto a nai coma a criatura sonche corpos abertos.

Chamaban a iso "facer a cochada", non sei por que; dicían que os homes berraban coma os cochos cando os están a matar (risos).

O mestre e escritor Manuel García Paz (*El Pueblo Gallego*, 20-5-1926) explica diversas motivacións do lance: *Como evolución natural del matriarcado aparece la covada, 'parto simulado en el cual el padre finge sobrellevar las atribulaciones características del alumbramiento' ... Para otros, la covada se debe a la necesidad en que se vería el hombre de hacer reconocer sus derechos paternales ante la tribu. Si la madre daba pruebas inequívocas de su misión, parecía natural que el padre, en los críticos momentos del alumbramiento, coparticipase en la solemnidad del acto, dando señales de ello.*

Finalmente, muchos autores afirman que la covada tenía por objeto alejar a los espíritus malos. Las mujeres que morían de sobreparto devenían en espíritus enemigos que no cesaban de molestar a las parturientas. Convenía, pues, que se engañase a los espíritus, a fin de que mal orientados, no estorbasen la maternidad.

O escitor e viaxeiro José Luis Castillo-Puche (*El Pueblo Gallego*, 28-9-1958), ao respecto dos costumes indíxenas da rexión colombiana do Vaupés, di que: *Los guahibos son partidarios de la práctica de la covada, que consiste en que cuando la mujer da a luz, rápidamente es lanzada a trabajar, mientras que el marido se acuesta en su hamaca soltando lastimosos gemidos. Durante todo este tiempo no come carne de mamíferos y solo acepta pescaditos pequeños y finos.*

O xornalista Manuel Suárez Serantes *Panurgo* (*El Pueblo Gallego*, 1-10-1963), fala da covada como trazo

idiosincrático dos pobos aborixes do norte peninsular: *Hay una homogeneidad, afirmada por Baroja, que se extiende por todo el norte de España en los pueblos prerromanos; de ahí que, en Galicia, en razón a su 'amazonismo', creemos nosotros tuviese que darse más acusadamente la costumbre de la 'covada', citada por Estrabón al aludir a los cántabros; es decir, costumbre de pueblos primitivos (conocida también en algunas zonas de Asia, África y América), en la que aparece el marido, después del parto de su mujer, guardando cama algunos días, asistiéndole ella como si fuese aquél el que hubiese dado a luz.*

Sen desbotar que o costume de "facer a cochada" teña relación co comportamento dos porcos (cochos) durante a mata, cremos que a expresión bebe da polisemia do verbo "cochar" (aférese de "acochar"), en concreto, da acepción 5: *[Animal] poñerse no lugar onde dorme.* Sin.: *encamar* (Drag). "Cocha-o": *refuxio dun animal; lugar cuberto ou agochado; cortello, tobo* (Drag). Entre os que comparten leito, "facer un cocha" consiste en que, unha vez deitados peito-costas, un dos membros abrangue o outro, adoptando ambos a posición fetal. Carré Alvarellos (1928-31) ofrece para "cochar" os sinónimos: tapar, cubrir, abrigar. A forma "covada" provén do verbo francés *couver* "incubar".

A solta



Así nacía o neno, así se procedía á corta do cordón umbilical. Antes de poñer o recén nos brazos da nai, unha das parteiras, a avoa ou a madriña do rapaz anoábanlle as perniñas cun fío laso de liño: un nó en cadanseu tornecelo. Era bo sinal que o neno, de seu, co seu espernexar, axiña se liberase do atadallo: a solta. No *Diccionario* de Eladio Rodríguez (1958-61) consígnanse as expresións: "fío da morte": *termino de la vida*; e "fío da vida": *curso ordinario de ella.*

Recollido en Barro de Arén (Cerdedo).

O bode

Manuel Murguía, no seu libro *Apuntes históricos de la provincia de Pontevedra* (1907), escribe (páxs. 80-2):

La perversidad corresponde a los vampiros, chupadores de sangre, a las larvas que invaden casas y establos

para usurpar a niños y chotos el caudal de la leche materna, y a las brujas que, por donde quiera que van, inficionan a las gentes, y aún a los ganados, echándoles el 'ramo cativo' o el 'mal de ojo'.

Contra unas y otros, apélase a todo género de sortilegios: al agua de siete fuentes, cogida antes de rayar el alba, a talismanes formados con patas de escarabajo, rescriptos de San Pedro Mártir o del Corpiño y crucecitas de acero, a los exorcismos de algún clérigo de poca aprensión, a las higas de hueso o azabache cuyo uso es tan constante que hasta los puños de los grandes paraguas rurales afectan esa forma, y a ceremonias tan extrañas como las del enganido, la del bode y la de los bautizos nocturnos ...

La costumbre o superstición del bode es propia de las Rías Bajas.

Siempre que una criatura llega a los tres años sin haber roto a andar ni hablar, la madre mete al niño dentro de la piel de un carnero recién degollado, se echa la carga al hombro y recorre las casas del lugar solicitando ofrendas por medio de una invocación muy semejante a un conjuro:

Limosniña par'o bode

que quer falar e non pode!



Nada atopei en Cerdedo verbo da práctica do "bode", emporiso, si recollín en Bugarín (Castro) que, antigamente, o neno acabado de nacer envolvíase con fitas de pano –agás a cabeza–. O vurullo xaora impedíalle á criatura articular os brazos e empecíalle o movemento das pernas, non obstante, a preservaba da chamada morte súbita. Os panos cinguíanselle ao corpiño e asegurábanse cunhas fitas cruzadas de pel de cabra ("enfaixado") durante as súas primeiras semanas de existencia –até que lle despuntaban os dentiños–, atallando calquera maléfica acometida e garantindo a normal medranza. Os dentes –as *diminutas ferocidades*, como escribiu o poeta M. Hernández–, así asomar, asumían o relevo profiláctico.

Ao medio ano, dentante;

dun ano, andante

e de dous, falante.

O que logho endentece, axiña irmanece.

Lingua de san Bernabé

Porén, xa expuxen nalgures a existencia na aldea de San Bernabé (Cerdedo) dun amuleto sandador: a lingua de san Bernabé, que se cre reliquia do santo. Peza doada á colección do Museo das Raposeiras, a súa forma lémbranos unha lingua fosilizada. O neno que non rompía a falar, o farfalleiro ou o que prendía na fala era levado á casa avegosa onde se custodiaba dito obxecto de poder. Pedíaselle ou facíaselle abrir a boca e, sobre a súa lingua, a menciñeira depositaba a lingua do santo. O amuleto gardábase nunha copiña de cristal –das do coñac–, no aparador onde se atondaba a máis louza da festa.

Coa lingua na boca entrepechada do cativo, a oficiante recitaba por tres veces:

Bendito san Bernabé,

dálle a fala a quen xa para de pé.

Engadíase cadanseu: *Pola ghraza de Deus e da Virxe María, un nosopai e unha avemaría*; invocando unha tríade de axentes intermediadores.



Mentres a nai do cativo e mais a oficiante degustaban unhas larpeiradas ofrecidas como tributo voluntario, o neno permanecía sentadiño ao lado agardando que a menciñeira lle retirase o empezo da boca. Rematado o ritual, ao pícaro tamén se lle ofrecía o petisco, que aceptaba así o consentía a nai.

Non se podía abandonar a aldea de San Bernabé sen, cando menos, deixarlle unha esmoliña ao santo no peto da ermida. A fe move montañas. A cada santo haille que pór unha candea.

Xaneiro de 2025

Fotografías f acilitadas por C. Solla. Títulos por orde, de arriba a abaixo: 'Voda', 'Noivos no leito nupcial', 'Neno no berce, envurullado e enfaixado', 'A morte roldando unha criatura', 'Lingua de san Bernabé' (Foto: Eduardo Castro Bal).